



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE NOVIEMBRE 2006



1.- Resumo

Mes seco e con altas temperaturas na primeira quincena e chuvias fortes na segunda metade do mes

O mes de novembro tivo dúas partes ben diferenciadas. Os primeiros 15 días estiveron dominados polas altas presións centradas sobre Europa e que achegaron unha masa de aire cálido. Isto fixo que en xeral os ceos se presentasen despexados e as temperaturas fosen en xeral altas. A excepción durante os primeiras 15 días a atopamos no día 3 de novembro cando unha fronte pouco activa se achegou a Galicia e deixou algunhas chuvias débiles na metade sur. En canto as temperaturas destacan principalmente os días 9 e 10 de novembro cando as máximas superaron os 25°C en puntos do litoral. A partir do día 15 a situación cambiou completamente e sucesivas frentes de chuvia foron chegando a Galicia de forma consecutiva, rexistrándose soamente dúas xornadas de tempo seco nesta segunda quincena, concretamente o 29 e o 30, cando un novo anticiclón centrado ó norte de Francia colleu a Galicia no seu radio de acción. Dentro das xornadas de chuvia destacan particularmente dúas, á do sábado día 18 e o luns día 27. Nesta última data as chuvias acumuladas sobrepasaron os 100 mm en puntos das rías de Pontevedra, Arousa e na cuenca do Umia.

Precipitación: O mes de Novembro pódese considerar húmido ou moi húmido en toda Galicia, debido á magnitude das chuvias durante a segunda quincena do mes. O efecto das frentes desta segunda quincena foi menos notable na provincia de Lugo que no resto, pero en xeral toda Galicia quedou con valores superiores ós agardados. En puntos concretos se superou incluso o dobre dos valores medios. Así por exemplo en Ferrol recolléronse cantidades cercanas ós 350 mm, quedando en Ourense cerca dos 300 mm, cando neses puntos a media non supera os 125 mm ou os 100 mm respectivamente.

Temperaturas: En canto ás temperaturas, éstas foron novamente, ó igual que sucedera no mes de outubro, moi superiores á media, tanto no valores mínimos como nos máximos. A razón a temos en que o anticiclón da primeira quincena do mes foi anómalo pola súa ubicación e deixou altas temperaturas, mentres que na segunda quincena de chuvias os ventos foron predominantemente de compoñente sur, o que deixou os termómetros en valores moi suaves, particularmente as temperaturas mínimas. Soamente nas dúas últimas xornadas do mes tivemos xeadas febles no interior de Galicia. Compre destacar que no observatorio de Lourizán a media das temperaturas mínimas constitúe un novo record da serie con 10.7°C, máis de 3°C por riba da media esperada.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

CIS FERROL

	NOVEMBRO 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	14.7	13.1	15.2 (1987)	11.2 (2004)
T ^a mínima media	11.9	10.3	12.3 (1992)	8.1 (2004)
T ^a minima absoluta	5.6 (día 29)	3.4 (21/11/1993)		
T ^a máxima media	18.4	15.9	18.4 (1981)	14.0 (1976)
T ^a máxima absoluta	25.4 (día 9)	25.0 (20/11/1995)		
Precipitación acumulada	342	125	297 (2003)	2 (1981)

Comentario:

Temperaturas superiores en xeral aos valores agardados, especialmente no caso das máximas, 2.5 °C por riba da media, igualando o valor máximo da serie.

A chuvia foi moi superior ao valor medio. O mes pode considerarse “moi húmido”.

**SANTIAGO**

	NOVEMBRO 2006	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.4	11.5	13.9 (1983)	10.1 (1985)
Tª mínima media	10.2	7.9	10.5 (1983)	6.0 (2001)
Tª mínima absoluta	2.2 (día 29)	-2.0 (28/11/1985)		
Tª máxima media	17.4	15.2	17.7 (1988)	13.7 (1984)
Tª máxima absoluta	24.2 (día 9)	24.7 (07/11/2003)		
Precipitación acumulada	247	236	514 (2000)	16 (2001)

Comentario:

Temperaturas moi superiores (2-2.3 °C) aos valores medios agardados, quedando preto dos valores máximos da serie dende 1982.

A chuva acumulada foi superior á media agardada

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982

LUGO

	NOVEMBRO 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.7	9.2	11.4 (1992)	6.5 (1980)
Tª mínima media	7.1	5.4	8.9 (1992)	2.3 (1973)
Tª mínima absoluta	-0.3 (día 30)	-5.0 (23/11/88)		
Tª máxima media	15.5	13.0	15.8 (1978)	9.5 (1980)
Tª máxima absoluta	22.4 (día 10)	23.0 (03/11/1981)		
Precipitación acumulada	148	102	239 (2002)	2 (1981)

Comentario:

Temperaturas superiores aos valores medios, especialmente no caso das máximas, 2.5 °C por riba do agardado..

A precipitación foi moi superior ao agardado; o mes pode considerarse “moi húmido”



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	NOVIEMBRE 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	14.3	12.0	14.3 (1983)	9.8 (1976)
Tª mínima media	10.7	7.4	10.4 (1983)	5.0 (1976)
Tª mínima absoluta	3.9 (día 29)	-0.8 (26/11/1976)		
Tª máxima media	19.3	16.5	19.9 (1981)	14.6 (1976)
Tª máxima absoluta	25.0 (día 9)	26.3 (02/11/1987)		
Precipitación acumulada	358	219	480 (1997)	1 (2001)

Comentario:

*Temperaturas moi superiores aos valores medios, especialmente no caso das mínimas, 3.3 °C por riba do agardado, superando o valor máximo da serie acadado en 1983
 A chuvia acumulada foi moi superior ao valor medio agardado. O mes pode considerarse “moi húmido”*

OURENSE

	NOVIEMBRE 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.4	10.8	13.9 (1983)	9.0 (1973)
Tª mínima media	10.1	6.1	9.5 (1983)	2.1 (1973)
Tª mínima absoluta	3.9 (día 29)	-6.8 (24/11/1988)		
Tª máxima media	17.6	15.5	18.2 (1983)	13.3 (1980)
Tª máxima absoluta	23.6 (día 9)	24.4 (04/11/1988)		
Precipitación acumulada	296	98	268 (1997)	0 (1981)


Comentario:

*Temperaturas moi superiores aos valores agardados, especialmente no caso das mínimas, 4 °C superiores ao valor medio, superando o valor máximo da serie acadado en 1983.
 A chuvia acumulada foi moi superior ao valor medio, e superou o valor máximo da serie en 1997.
 O mes pode considerarse “moi húmido”.*




3.- Mapas

3.1.- Choiva acumulada (litros/m²)





3.2.- Temperatura máxima media (°C)





3.3.- Temperatura mínima media (°C)

